



- Unha foliada é unha pandeirada?
- Unha ruada, aquí na aldea chámanlle unha ruada.
- E como se cantaba?

A ruada vai i-eito,  
ela non é de perder-e,  
se non te-la cama feita  
rapaza vaina facer-e.

- E así-e.
- E esa e outra cousa que a muiñeira? É o mesmo?
- É o mesmo.
- É o mesmo a ruada e todo eso é a muiñeira?
- É o mesmo todo. Sí, é a muiñeira.
- A ver se nos acordan máis, outras.

Miña soghra morriu onte,  
enterreina no inferno,  
/:dixeron os demos todos:  
“temos leña p(r)ó inverno”:/

Miña sogra querme mal-e,  
miña cuñada tamén-he,  
quéreme ben o meu home  
non se me dá por ninguén-he.

Por la vía pasa el tren-he,  
por la carretera el coche,  
por la cara de mi novia  
i-el rocío de la noche.